

## **BANDO 4**

LUCIANO RIVERO CUQUEJO alcalde do Concello de Cualedro, fai saber:  
No día 14 de marzo de 2020 ditouse un Real Decreto onde se declara o ESTADO DE ALARMA na nosa nación.

As principais normas que establece son as seguintes:

Limitación da liberdade de circulación das persoas; **SO SE PODERÁ CIRCULAR POLAS VIAS DE USO PÚBLICO PARA REALIZAR AS SEGUINTE ACTIVIDADES:**

- a) Adquisición de alimentos, produtos farmacéuticos e necesidades básicas.
- b) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- c) Desprazamento ao lugar de traballo para desempeñar a súa prestación laboral, profesional ou empresarial.
- d) Regreso ao lugar de residencia habitual.
- e) Asistencia e coidado de persoas maiores, menores de idade, persoas dependentes discapacidade ou especialmente persoas vulnerables.
- f) Desprazamento ás entidades financeiras e aseguradoras.
- g) Por forza maior ou necesidade.
- h) Calquera outra actividade de natureza similar a realizar individualmente, a non ser que acompañen a persoas con discapacidade ou por calquera outro motivo xustificado.
- i) Para repostar en gasoleiras ou estacións de servizo.

Así mesmo, suspendese a apertura ao público de tendas e establecementos polo miúdo, a excepción de alimentos polo miúdo comercial, bebidas, produtos e bens esenciais, establecementos farmacéuticos, médicos, ópticos e produtos ortopédicos, produtos de hixiene, perruquerías, prensa e papelería, combustible para automoción, estancos, equipos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentación para mascotas, comercio electrónico, teléfono ou correspondencia, tintorería e lavanderías.

A permanencia nestes establecementos será a estritamente necesaria para mercar e saír.

Garántese o abastecemento dos mercados, polo tanto non é necesario acumular un montón de comida na casa, poderase comprar día a día como sempre.

O transporte público redúcese ó 50%, polo tanto haberá menos autobuses de liña.

Suspéndense os prazos, tanto xudiciais como administrativos, polo tanto todas aquelas persoas que teñan pendente presentar algún escrito, documentación ou facer algún pago na administración, non terán que facelo ata que se levante o estado de alarma, momento no cal se reanudará o cómputo dos prazos.

A comunicación co Concello debe realizarse de forma telemática a través da sede electrónica municipal ou vía telefónica a través do teléfono: 988424004 da Casa do Concello.

Os servizos administrativos municipais funcionarán con porta pechada de 9 a 14 horas.

As persoas maiores que teñan algunha outra necesidade urxente, que chamen a eses teléfonos que dende o concello imoslle dar o serizo que se poida, por suposto chamar so en caso de ser necesario.

O alcalde,

LUCIANO RIVERO CUQUEJO